



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

DECRETO 063/2007

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

En virtude do disposto no artigo 40 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Extraordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Resultando necesaria a celebración de sesión extraordinaria do Concello Pleno para dar cumprimento ó establecido no artigo 38 do ROF, en uso das facultades que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL.

Clase de Sesión.....	EXTRAORDINARIA
Data da Sesión:.....	29 de xuño de 2007
Hora de celebración en primeira convocatoria:.....	09:30 horas

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.
2. TOMA DE POSESIÓN DO CONCELEIRO DO PP.
3. CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS.
4. ACORDO SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E XUNTA DE GOBERNO LOCAL.
5. ACORDO QUE PROCEDA SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E ESPECIAIS.
6. DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN DE COMPETENCIA DO PLENO.
7. COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DO ALCALDE EN MATERIA DE NOMEAMENTO DO TESOUREIRO, DE MEMBROS DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DOS TENENTES DE ALCALDE, E DELEGACIÓN DO ALCALDE EN DITA XUNTA.
8. ACORDO SOBRE DELEGACIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.
9. DAR CONTA DOS DECRETOS EN MATERIA DE CONCELEIRÍAS DELEGADAS.
10. ACORDO QUE PROCEDA SOBRE RETRIBUCIÓNS, INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN LOCAL, ASÍ COMO COÑECEMENTO DOS MEMBROS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

Notifíquese esta Resolución ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En Mesía, a 26 de xuño de dous mil sete.

O ALCALDE

Ante min A SECRETARIA - ACCIDENTAL

D. Mariano Iglesias Castro.

D^a Carmen Blanco Villares



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2007.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. José Joaquín López Ares. PSdeG – PSOE

D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE

D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE

D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE

D. Severino Álvarez Monteserín. PP

D^a María José Quindimil Suárez. PP

D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

D. Manoel Bello Salvado. BNG

AUSENTES:

D. Ciriaco Varela Rotger PP

SECRETARIA - ACCIDENTAL:

D^a Carmen Blanco Villares.

(Non xustifican a súa ausencia.)

En Mesía, a 29 de xuño de 2007, sendo as nove horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Presidente declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratar os seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL CELEBRADA O DÍA 16 DE XUÑO DE 2007.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión constitutiva da corporación municipal do 16 de xuño de 2007, engadindo que se advertiu un pequeno erro no punto onde se procedeu a recoller o número de votos acadado por cada cabeza de lista, reflectiuse na acta que os acadados polo Concelleiro do PP, D. Severino Álvarez Monteserín foran tres, obtendo na votación soamente dous votos.

Feita esta aclaración e non habendo mais pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por **unanimidade** dos membros presentes.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

En consecuencia, se eleva a definitiva para a súa transcripción ó Libro de Actas.

2. TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DO PP.

Non comparece o interesado D. Ciriaco Varela Rotger polo que queda pendente a súa toma de posesión como Concelleiro.

Aclara o Sr. Concelleiro do PP, D. Severino Álvarez que o Sr. Ciriaco Varela se atopa de viaxe e no momento en que estea de regreso presentarase.

Conclúe o Sr. Alcalde que por Lei compre pospoñer a toma de posesión para o seguinte Pleno e, no caso de que non se presente, para o seguinte ata que compareza.

3. CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS.

O Sr. Alcalde dálle a palabra á Secretaria – accidental para que dea lectura ós escritos presentados polos distintos grupos políticos nos que se lle comunica á Alcaldía a constitución de cada un deles e a designación tanto do Portavoz como do Portavoz suplente, pendente o Partido Popular da toma de posesión de D. Ciriaco Varela.

Os grupos políticos municipais quedan constituídos da seguinte maneira:

DENOMINACIÓN: Partido dos Socialistas de Galicia, PsdoG-PSOE.

PORTAVOZ: D. José Joaquín López Ares.

PORTAVOZ SUPLENTE: D^a Pilar Sánchez Ulloa.

DENOMINACIÓN: Partido Popular, PP.

PORTAVOZ: D. Severino Álvarez Monteserín.

PORTAVOZ SUPLENTE: D^a María José Quindimil Suárez.

DENOMINACIÓN: Bloque Nacionalista Galego, BNG.

PORTAVOZ: D. Pedro Pedreira Candal.

PORTAVOZ SUPLENTE: D. Manoel Bello Salvado.

4. ACORDO SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O Sr. Alcalde pásalle a palabra a Secretaria – accidental para que dea lectura a proposta de Alcaldía da que o seu teor literal di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (provincia de A Coruña), sobre a base do artigo 38 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se regula o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais coa finalidade de establecer a periodicidade das sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Propoño ó Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- *O Pleno celebrará sesión ordinaria o primeiro sábado de cada trimestre natural, ás 10:30 horas.*

Segundo.- *A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria cada quince días coincidindo os xoves, ás oito horas e trinta minutos.*

Terceiro.- *As convocatorias dos plenos se lles dará publicidade necesaria para que a xente que o desexe poida asistir a elas.*

Cuarto.- *Se as sesións coincidisen nun día inhábil, celebraranse o sábado seguinte se fose hábil.”*

O Sr. Alcalde dálle a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos, tomando a palabra D. Manoel Bello Salvado.

Neste intre incorpórase á sesión plenaria o concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Pedro Pedreira Candal.

Comeza o Sr. Bello Salvado manifestando que o seu grupo político non está de acordo coa periodicidade das sesións plenarias como xa teñen manifestado nos anteriores plenos que se debateu este asunto. Consideran que Galicia ó tratarse dunha Comunidade Autónoma que ten unha Lei de Administración Local propia debería prevalecer, segundo o criterio político, sobre a Lei estatal.

Continúa explicando que esta Lei establece a periodicidade dos plenos cada dous meses, non cada tres como a Lei do Estado, dando como contraprestación mais atribucións á Alcaldía. Consideran, explica o Sr. Bello que a diferenza das lexislaturas anteriores que se estableceu en tres meses a periodicidade, na actualidade o goberno municipal está representado mediante maioría polo Partido Socialista Obrero español que no seu día foi o que impulsou e levou ó Parlamento de Galicia a aprobación da citada Lei de Administración Local de Galicia, polo que consideran unha contradición non aterse neste tema ó seu contido.

Parécelle o Sr. Bello, que se está a plantexar unha política que non é moi acorde coas ideas descentralizantes do Partido Socialista polo que avisan de que de seguir con esta intención terán que poñerse en contacto coas persoas encargadas deste tema no PSdG-PSOE para facerlle ver as actuacións que se están a realizar en Mesía.

Toma a palabra o Portavoz do Partido Popular, D. Severino Álvarez, manifestando estar de acordo coa proposta, xa que tendo en conta as atribucións que lle quedan ó Pleno, parécelles mais que suficiente que as sesións Plenarias se celebren cada tres meses, recordando as palabras do Sr. Alcalde na súa toma de posesión no pleno de constitución da corporación municipal, no que tendía a man ós distintos grupos políticos, consideran que si o Sr. Alcalde os recibe no Concello o traballo farase de maneira mais áxil e será moito mais beneficioso para os veciños.

Dálle a palabra o Sr. Alcalde ó portavoz do grupo socialista, D. José Joaquín López, que manifesta a súa conformidade coa proposta da Alcaldía, e en contestación ás palabras do Sr. Bello Salvado, di que non ten sentido ter plenos por telos, baleiros de contido, que na lexislatura pasada



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

fixéronse os plenos extraordinarios que foron necesarios cando existían temas que o esixían e lle consta que vai continuar sendo así. Igualmente sinala, que o equipo de goberno dálle toda a información necesaria ós Srs. Concelleiros tanto dos decretos e resolucións como dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local e pensa que os grupos da oposición nunca presentaron unha proposta alternativa cando se amosan contrarios as presentadas pola Alcaldía.

O Sr. Alcalde agradece a predisposición do Partido Popular e reitera a colaboración pola súa parte, e contesta o Sr. Bello Salvado, que como moi ben dixo trátase dun criterio político respaldado por informes que acreditan a súa legalidade, que non cuestiona nin analiza as ideas do PSdG-PSOE pero matiza que eles figuran baixo esas siglas como independentes.

Neste punto, o Sr. Alcalde, amosan a súa disposición de apoiar o Bloque Nacionalista Galego no momento que coiden que se require convocar un pleno extraordinario por un asunto en concreto.

Debatido suficientemente o presente punto da orde do día, procédese á votación, aprobándose por **maioría absoluta** co seguinte resultado:

Votos a favor, 8 (6, PSdG-PSOE, 2; PP).

En contra, 2 (BNG).

5. ACORDO QUE PROCEDA SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E ESPECIAIS.

O Sr. Alcalde pásalle a palabra a Secretaria – accidental para que dea lectura a proposta de Alcaldía da que o seu teor literal di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (provincia de A Coruña), de conformidade co preceptuado no art. 38 ROF e art. 20 e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, modificada pola Lei 11/1999 de 21 de abril.

Considerando que a LBRL non obriga ós Concellos con poboación inferior de 5.000 habitantes a creación de órganos complementarios e, tendo en conta, a escasa complexidade orgánica da nosa Corporación.

Propoño ó Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- *Non constituír Comisións Informativas Permanentes.*

Segundo.- *Constituír a Comisión Especial de Contas, por ser un órgano necesario e preceptivo segundo art. 116 e 127 do ROF.*

Coa finalidade de garantir a proporcionalidade na composición desta Comisión os seus integrantes serán de 4 do PSG-PSOE, 2 do PP, e 1 do BNG.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Terceiro.- Establecer un prazo de 15 días, a contar dende o seguinte o da adopción deste acordo para que os portavoces dos grupos políticos comuniquen á Alcaldía a adscrición concreta dos membros que integran dita Comisión.”

Toma a palabra o Sr. Bello Salvado, proponendo a maiores a creación dunha Comisión de Cultura, que se reuniría unha vez o ano ou menos e que estaría integrada, aparte de por membros do equipo de goberno, por algún membro da oposición e polos representantes das asociacións que se reunirían para tratar os temas que consideren oportunos, de ámbito veciñal.

Reitera o Sr. Álvarez Monteserín a súa predisposición ó diálogo e a colaboración e atópanse de acordo coa proposta dándolle unha marxe de confianza ó Sr. Alcalde e agardan que a colaboración sexa mutua.

Intervén o Sr. López Ares, mostrando a súa conformidade, explicando que as Xuntas de Goberno Local na lexislatura anterior xa se puxeran cada quince día porque se viñan facendo semanais e en moitos casos non había asuntos para levar ás mesmas, tamén explica que non lle parece lóxico constituír Comisións que non van ter contido e que no caso de que exista algún problema ou algún tema que dirimir é competencia do Alcalde tomar a decisión que corresponda.

Vendo os comentarios de ambos grupos, o Sr. Alcalde manifesta a súa receptividade con calquera proposta que se presente por escrito, comprometéndose a analizala.

Quere aclarar o Sr. Bello Salvado que as Comisións de Cultura non se reúnen para resolver un problema, se non para interrelacionarse, para programar as actividades ó longo do ano, facer propostas, para decidir que subvencións se piden e cales non, en definitiva onde se marca a política cultural.

Finalizado o debate procédese a votación co seguinte resultado:

Votos a favor, 8 (6, PSdG-PSOE, 2; PP).

Abstencións, 2 (BNG).

En consecuencia, apróbase por **maioría absoluta** dos membros presentes da Corporación municipal.

6. DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN DE COMPETENCIA DO PLENO.

O Sr. Alcalde pásalle a palabra a Secretaria – accidental para que dea lectura a proposta de Alcaldía da que o seu teor literal di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (provincia de A Coruña), en cumprimento do disposto no art. 38 do ROF así como na Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Propoño ó Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Único.- Designar os seguintes concelleiros para que representen o Concello nos órganos e entidades que a continuación se relacionan:

- *Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes: D. Mariano Iglesias Castro, D. José Joaquín López Ares, e D. José Angel Sánchez Sánchez.*
- *Xunta Pericial do Catastro: D. Mariano Iglesias Castro e D. José Angel Sánchez Sánchez.*
- *Consellos Escolares dos Colexios Públicos e Escolas:*
 - *D. Antonio Quindimil García e D. Mariano Iglesias Castro do C.P. Xanceda.*
 - *D^a Pilar Sánchez Ulloa e D. Antonio Quindimil García do C.P. Visantóña.*
 - *D^a Pilar Sánchez Ulloa e D. Antonio Quindimil García da Escola de Olas.*
 - *D^a Pilar Sánchez Ulloa e D. Antonio Quindimil García da Escola de Mesía.*
- *Asociación de desenvolvemento Comarcal de Ordes: D. Mariano Iglesias Castro, D. José Joaquín López Ares, e D. José Angel Sánchez Sánchez.*
- *FEGAMP: D. Mariano Iglesias Castro, D. José Joaquín López Ares, e D. José Angel Sánchez Sánchez.*
- *Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: D. José Joaquín López Ares.”*

Toma a palabra o Sr. Pedreira Candal indicando a intención do seu grupo de absterse porque independentemente de que sexa competencia do Pleno acordar estas designacións, vese que unha vez mais, todas están representadas por membros do equipo de goberno, acaparando toda a potestade executiva que aínda que de forma lexítima deixa a oposición teña a mínima intervención posible.

Intervén o Sr. Álvarez Monteserín, comunicando a súa abstención, no mesmo senso que o Sr. Pedreira Candal, aclarando ademais que entende que coñecendo os seus compañeiros, será o mais cualificado para designarlle os postos que considera mais apropiados.

Como portavoz do PSOE, o Sr. López Ares maniféstase de acordo coa proposta engandindo que a teor das palabras do Sr. Pedreira, comenta que non é frecuente que se nomee os grupos da oposición nestes casos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde que tendo en conta que todos os grupos se manifestaron ó respecto, puntualiza que designou ás persoas que entendeu mais idóneas para os postos, seguidamente procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor, 6 (PSdG-PSOE).

Abstencións, 4 (2, PP; 2, BNG).

En consecuencia, apróbbase por **maioría absoluta** dos membros presentes da Corporación municipal.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

7. COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DO ALCALDE EN MATERIA DE NOMEAMENTO DO TESOUREIRO, DE MEMBROS DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DOS TENENTES DE ALCALDE, E DELEGACIÓN DO ALCALDE EN DITA XUNTA.

Comunica o Sr. Alcalde que este punto da orde do día refírese unicamente a dar conta das resolucións e decretos citados, pasándolle a palabra á Secretaria – accidental que dá lectura ós mesmos e que se transcriben a continuación:

“RESOLUCIÓN 032-2007

Negociado: Facenda municipal.

D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), en virtude das facultades que me confire o artigo 21.1 h da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Visto o disposto no artigo 92 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 11/1999 de 21 de abril, e o artigo 2 f) do RD 1732/94 de 29 de xullo, de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional, que sinala que “as Corporacións locais con secretarías de clase terceira, a responsabilidade administrativa das funcións de tesourería poderán ser atribuídas ós membros da Corporación”.

Sendo necesario proceder o nomeamento de Tesoureiro neste Concello, e considerando a persoa máis idónea nestes momentos o Concelleiro D. Antonio Quindimil García, que xa viña desempeñando esta función ó longo da lexislatura anterior.

RESOLVÍN.

Primeiro.- Designar de D. Antonio Quindimil García, concelleiro desta Corporación como Tesoureiro deste Concello.

Segundo.- Dar conta desta designación ó Concello Pleno na primeira sesión que se celebre.”

“DECRETO 060/2007

Negociado: Persoal.

D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), en virtude das facultades que me confiren os artigos 21 e 23 da Lei/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 43 e seguintes do Regulamento de organización e funcionamento das Corporacións Locais, esta Alcaldía:

RESOLVE:

Primeiro.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local a:

- D. José Joaquín López Ares.
- D. José Angel Sánchez Sánchez.
- D. Antonio Quindimil García.

Segundo.- Nomear como Tenentes de Alcalde, os seguintes concelleiros pola orde que se sinala:

- Primeiro Tenente de Alcalde, D. José Joaquín López Ares.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- Segundo Tenente de Alcalde, D. Antonio Quindimil García.
- Terceiro Tenente de Alcalde, D. José Angel Sánchez Sánchez.

Terceiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local ademais das atribucións que me confire o artigo 23.2º apartado a) as seguintes:

- A concesión de licenzas de apertura de establecementos fábriles, industriais ou comerciais e de calquera outro índole e de licencias de obras en xeral, ditar ordes de execución a declaración de ruína de edificios.
- As atribucións conferidas o Alcalde nos procedementos de expropiación por razóns urbanísticas.
- O exercicio de potestades sancionadoras en materia urbanística de acordo coa súa normativa específica.
- As atribucións relativas os procedementos de restauracións de legalidade urbanística de acordo coa súa normativa específica.

Cuarto.- Comunicar esta resolución a tódolos Concelleiros afectados, para o seu coñecemento e efectos.

Quinto.- Publica-lo presente Decreto no B.O.P., sen prexuízo de que a presente resolución teña efectos dende que sexa ditada, conforme o art. 44 do ROF.

Sexto.- As competencias delegadas exerceranse pola Xunta de Goberno Local mediante a adopción de acordos na forma determinada polo artigo 113 do citado Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo R.D. 2586/1986, de 23 de novembro. Sen prexuízo do dito, esta Alcaldía resérvase a advocación daqueles asuntos que polas súas características particulares ou pola urxencia dos mesmos necesitasen dunha resposta con prontitude e celeridade.

Os efectos dos acordos adoptados nas materias delegadas terán pleno efecto e o mesmo valor que as resolucións que dite a Alcaldía. Son de aplicación a tales acordos as normas sobre execución e réxime de recursos previstos na Lei 7/1985, de 2 de abril, Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

Sétimo.- Dar conta ó Pleno desta resolución, na sesión extraordinaria que se celebre para dar cumprimento o previsto polo artigo 38 do ROF.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde indicando que neste punto non procede ningún tipo de votación porque a competencia do Alcalde é total.

8. ACORDO SOBRE DELEGACIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O Sr. Alcalde pásalle a palabra a Secretaria – accidental para que dea lectura a proposta de Alcaldía da que o seu teor literal di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (provincia de A Coruña),



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Visto o artigo 18 do Regulamento Orgánico do Concello de Mesía, o artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como o 64.4 e 64.5 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/97, do 22 de xullo).

Sabendo que a Xunta de Goberno Local ten como funcións as que o Alcalde ou outro órgano municipal lle deleguen, e que o Pleno do Concello pode delegar o exercicio das súas atribucións na Xunta de Goberno Local, con excepción das enunciadas no número 2, apartado a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e número 3 do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril (ou letras a), b), c), d), e), f), h), i), j), k), m) e ñ) e 3 do artigo 64 da Lei 5/1997, do 22 de xullo.

Sendo necesario que o acordo plenario de delegación sexa adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e que producirá efectos dende o día seguinte ó da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Considerando a maior axilidade na resolución dos asuntos que se consegue mediante a delegación de funcións na Xunta de Goberno Local, tanto en materia de contratación, bens e exercicio de accións xudiciais.

Propoño ó Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- *Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes áreas de xestión, que abarcarán tanto a facultade de dirixir os servizos como a de xestionalos con carácter xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:*

1.- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación nas materias de competencia plenaria (art. 22.2 j).

2.- A concertación das operacións de crédito das que a súa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento –salvo as de tesourería – que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais (art. 22.2 m).

3.- As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento e, en calquera caso, os seis millóns de euros, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos, e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada nesta letra (art. 22.2 n).

4.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos no orzamento. (art. 22.2 ñ).

5.- A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando sexa superior a tres millóns de euros, así como as alienacións patrimoniais nos seguintes supostos:

- a) Cando se trata de bens inmobles e bens mobles que estean declarados de valor histórico ou artístico, e non estean previstos no Orzamento.*
- b) Cando estando previstos no Orzamento, superen as mesmas porcentaxes e contías indicados para a adquisición de bens. (art. 22. 2 o).*



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Neste apartado inclúese tamén a cesión gratuíta de bens a outras administracións ou institucións públicas e a institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro, así como a concesión, o arrendamento ou a cesión de uso de bens por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento, e a regulación do aproveitamento dos bens comunais e a cesión, por calquera título, do aproveitamento destes bens (artigo 64.2 n da Lei 7/1997).

Segundo.- *As atribucións delegadas exerceranse pola Xunta de Goberno Local nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas en ningún outro órgano. No texto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en virtude desta delegación, terase que facer constar, de forma expresa, esta circunstancia, mediante a inclusión, na parte expositiva, do texto seguinte: “Considerando que a adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións acordadas por este Concello en sesión plenaria celebrada o día ...”.*

Os acordos que se adopten por delegación entenderanse ditados polo Pleno do Concello como titular da competencia orixinaria, órgano ó que se terá que manter informado do exercicio da delegación, mediante a remisión dos borradores das actas da Xunta de Goberno Local, e serán inmediatamente executivos e presuntamente lexítimos.

Terceiro.- *De conformidade co disposto polo artigo 51.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo RD 2568/1986, do 28 de novembro, estas delegacións terán efectos dende o día seguinte á adopción deste acordo, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, que se ordena polo presente acordo, e serán de carácter indefinido, sen prexuízo da potestade de advocación polo Pleno.”*

Finalizada a lectura da proposta, o Sr. Alcalde dálle a palabra os portavoces dos diferentes grupos políticos municipais.

Toma a palabra o Sr. Pedreira Candal, portavoz do BNG, comentando que comprobaban unha vez mais a delegación de moitas competencias na Xunta de Goberno Local, polo que se van abster xa que entenden que se trata doutro reflexo mais da intención de furtar ó debate e coñecemento do pleno das diversas materias, tomando así decisión única e exclusivamente entre o equipo de goberno, consideran que a medida non é adecuada porque o Pleno é o máximo órgano que expresa dunha maneira mais axeitada a sensibilidade dos veciños.

Intervén o Sr. Álvarez Monteserín, comunicando que os concelleiros do seu grupo se van abster porque evidentemente é competencia do Sr. Alcalde.

Toma a palabra o portavoz do PSOE, dicindo que estas delegacións permiten maior eficacia e axilidade en moitos trámites como no caso dalgunhas subvencións, e tempo que leva convocar un pleno e prexudicial.

O Sr. Alcalde comunica que vistas os razoamentos dos Srs. Portavoces, manifesta comprendelos a todos, pero aclara que aínda que o Pleno é órgano de máxima representación veciñal, teñen que ter en conta o resultados das eleccións, polo que sendo competencia súa realizar esta proposta, entende que é o mais axeitado e que a proposta está moi clara.

O Sr. Pedreira Candal di que non se trata de que a proposta non sexa clara simplemente están valorando.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Contesta o Sr. Alcalde de que non se furta ningún tipo de debate ó Pleno xa que na legislatura anterior como nesta vanse dar cada tres meses as actas o que propicia que sexan analizadas e se produza un debate minucioso e exhaustivo sen a precipitación de levalo a aprobación nun Pleno.

Reitera o Sr. Pedreira que quitarlle competencias ó Pleno non é unha cuestión de democracia senón unha maneira de tomar as decisións o equipo de goberno so, sen a influencia da oposición, que aínda sendo lexítimo e legal, non é o mais democrático.

Prodúcese unha discusión onde o Sr. Pedreira acusa ó Sr. Alcalde de vender farois e o Sr. Alcalde acúsao de mentireiro remitíndose a actas de outras sesións plenarias. O Sr. López Ares manifesta que se ó Sr. Pedreira Candal lle constan estas actividades que o denuncie, ó que o Sr. Alcalde di que non quería chegar tan lonxe e invita ó Sr. Pedreira a que retire o comentario, dicindo o Sr. Pedreira Candal que se trataba dunha broma.

Finalizado o debate procédese á votación do presente punto da orde do día co seguinte resultado:

Votos a favor, 6 (PSdG-PSOE).
Abstencións, 4 (2, PP; 2, BNG).

En consecuencia, apróbase por **maioría absoluta** dos membros presentes da Corporación municipal.

9. DAR CONTA DOS DECRETOS EN MATERIA DE CONCELLERÍAS DELEGADAS.

O Sr. Alcalde pásalle a palabra á Secretaria – accidental que dá lectura ó decreto citado e que se transcriben a continuación:

“DECRETO 061/2007

Negociado: Persoal.

D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), de conformidade coas atribucións que me confire o art. 21, 23 do LBRL e 43 do ROF, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear Concelleiro delegado de Medio Ambiente a D. Antonio Quindimil García, con facultades xenéricas para dirixir e xestionar os servizos correspondentes salvo a disposición e a aprobacións de gastos.

Segundo.- Nomear Concelleira delegada de Cultura, Deportes, Muller e Xuventude a D^a Pilar Sánchez Ulloa en réxime de dedicación exclusiva e con atribucións xenéricas de dirección e xestión na súa área, salvo a disposición e aprobación de gastos.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Terceiro.- Nomear Concelleiro delegado de Asuntos Sociais a D. José Joaquín López Ares, con atribucións xenéricas para dirixir e xestionar os servizos correspondentes salvo a disposición e a aprobacións de gastos.

Cuarto.- Nomear Concelleiro con delegación específica a D. Gervasio Sánchez Barreiro, con facultades de execución e colaboración na xestión e dirección da Concellería de Medio Ambiente.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde indicando que neste punto so se trata de dar conta do decreto de delegación, pero sen embargo dálle opción os portavoces para que se pronuncian sobre o mesmo, sen que queiran facer ningún comentario.

10. ACORDO QUE PROCEDA SOBRE RETRIBUCIÓN, INDEMNIZACIÓN E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN LOCAL, ASÍ COMO COÑECEMENTO DOS MEMBROS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

O Sr. Alcalde pásalle a palabra a Secretaria – accidental para que dea lectura a proposta de Alcaldía da que o seu teor literal di:

“**D. MARIANO IGLESIAS CASTRO**, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (provincia de A Coruña),

Segundo prevé o artigo 75 da LBRL modificada pola Lei 9/1991, de 22 de marzo e, sen prexuízo, do disposto na Lei de Administración Local de Galicia.

Propoño ó Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Os membros da Corporación con responsabilidades de goberno, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva, terán dereito a percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, sempre que sexan efectivos, e previa xustificacións documental, segundo as normas de aplicacións xeral nas Administracións Públicas.

As dietas e gastos de locomoción se lles aplicará o réxime legal establecido para o grupo 1º da Administración Autónoma de Galicia.

Segundo.- Serán as seguintes:

- D. Mariano Iglesias Castro, desempeñará o seu cargo de Alcalde en réxime de dedicación exclusiva polo que será dado de alta no Réxime da Seguridade Social e percibirá unha retribución anual 37.116,80 €, distribuída en catorce pagas.

- Dona Pilar Sánchez Ulloa, desempeñará o seu cargo de concelleira de cultura, deportes, muller e xuventude en réxime de dedicación exclusiva polo que será dada de alta no Réxime da Seguridade Social e percibirá unha retribución anual 22.033,16 €, distribuída en catorce pagas.

Terceiro.- Asistencias:

Polas asistencias efectivas a cada sesión do Pleno percibiranse unha indemnización de 100 euros/sesión para o Presidente e de 40 euros/sesión para os demais membros.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Polas asistencias efectivas a cada sesión da Xunta de Goberno Local percibirase unha indemnización de 167 euros/sesión Presidente e 100 euros/sesión para os demais membros.

Polas actuacións en Tribunais, Consellos Escolares, Comisións ou órganos selectivos percibirán a cantidade prevista para Administración da Comunidade Autónoma.”

Toma a palabra o Sr. Pedreira Candal, concelleiro do BNG, facendo dúas preguntas ó respecto da proposta, por un lado queren saber se os salarios das dedicacións absolutas están expresados en líquido ou en bruto e se as indemnizacións que percibirá o presidente por asistencias a Plenos e Xuntas de Goberno Local serán percibidas polo Sr. Alcalde a maiores do seu salario.

Intervén o Sr. Álvarez Monteserín, portavoz do Partido Popular de Mesía, manifestando que lles parecen excesivas dúas dedicacións exclusivas nun Concello como Mesía, aínda que entende que se debe retribuír o traballo que se realiza e que o Sr. Alcalde atópase en excedencia no seu posto de traballo anterior, reitera que é algo excesivo polo que deben votar en contra.

O Sr. Alcalde quere facer unha matización da proposta, xa que na redacción da mesma non se contemplou que as retribucións teñan carácter retroactivo, no caso da concelleira D^a Pilar Sánchez dende o día da súa toma de posesión xa que nesa data se atopaba de baixa na Seguridade Social como era preceptivo, e no caso do Alcalde dende o día 20 de xuño data na que se dou de baixa na empresa.

Contestando ó Sr. Pedreira explica que as retribucións están expresadas en salarios brutos, e as indemnizacións da actuación como Presidente nos Plenos e Xuntas de Goberno Local serán percibidas polo concelleiro que actúe como tal por delegación da Alcaldía. Con respecto a intervención do Sr. Álvarez Monteserín, manifesta que estas dedicacións son as mesmas que na lexislatura pasada e os veciños tiveron a ben volver a votarlles, e declara que é unha cuestión organizativa.

Intervén o Sr. Pedreira Candal manifestando o senso do seu voto en contra, fundamentalmente polo organización de goberno, contraria a democracia, tiñan pensado que ían cambiar pero ven que se segue na mesma tanto na organización como nas indemnizacións polas asistencias a Pleno e a Xunta de Goberno Local que non son as mesmas para uns que para outros. Continúa, propoñéndolle ó Sr. Alcalde, poñer os mesmos emolumentos, baixando todas as percepcións a 40 € e evitar esta situación que considera abraiante e antidemocrática porque parece que uns concelleiros e os outros teñen distinta categoría.

Toma a palabra o Sr. López Ares, en relación coas palabras do Sr. Pedreira Candal, aclarando que non lle dou tempo o presente goberno a realizar ningún tipo de cambio, en canto a igualar as percepcións entre Xunta de Goberno Local e Plenos di que non é o mesmo unha cousa que a outra, sinala que as percepcións xa se baixaran na lexislatura anterior, pero considera que se entenden que merecen unha percepción igualitaria deberían empezar por facer algunha proposta e facer algún tipo de traballo.

Intervén o Sr. Manoel Bello, tachando as palabras do Sr. López Ares de ignorancia, pedindo que non se volva a dicir que a oposición ten que presentar propostas ou alternativas, porque dende o punto de vista da Ciencia política a obriga da oposición neste Concello é a de fiscalizar e controlar o



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

traballo do equipo de goberno nas sesións plenarias, sendo o equipo de goberno quen ter que presentar as propostas.

Polas manifestacións feitas polo Sr. Bello Salvado nas que acusa de ignorantes as palabras do equipo de goberno, prodúcese unha discusión na que se fai referencia a debates realizados en Plenos anteriores sobre declaracións feitas por distintos concelleiros e si tales declaracións se axustan ou non á verdade.

Neste intre intervén o Concelleiro do Partido Popular, D. Severino Álvarez Monteserín, manifestando que visto o rumbo que segue a sesión plenaria vai propoñer que ningún concelleiro obteña ningunha remuneración polas asistencias ó Pleno porque se os veciños de Mesía ven en que temas se están enzarzando os concelleiros sen chegar a ningunha solución nin debatendo temas serios pensarán que non se deben cobrar por asistir a eles.

O Sr. Alcalde amósase de acordo co Sr. Álvarez Monteserín e comprométese a analizar a proposta e seguramente para o próximo Pleno levala como tal. Dito isto a proposta do presente punto da orde do día sométese a votación obtendo o seguinte resultado:

Votos a favor, 6 (PSdG-PSOE).

En contra, 4 (2, PP; 2, BNG).

En consecuencia, apróbase por **maioría absoluta** dos membros presentes da Corporación municipal.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretaria - Interventora accidental, certifico.